

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Agosto 2006

### COMUNICADO

### Os prezos das importacións inician unha nova aceleración mentres que os das exportacións mantéñense en agosto de 2006.

**O índice de prezos das exportacións creceu un 0,6% en agosto de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.**

Os prezos dos bens exportados e expedidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 0,6% en agosto de 2006 con respecto a agosto de 2005. Se a serie a corriximos de estacionalidade a variación interanual acadou o mesmo crecemento do 0,6%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo creceron un 0,7%, os prezos dos bens de equipo creceron un 2,9%, e os prezos dos bens intermedios creceron un 0,2%.

**O índice de prezos das importacións creceu un 7,1% en agosto de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.**

Os prezos dos bens importados e introducidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 7,1% en agosto de 2006 con respecto a agosto de 2005. Corrixido de estacionalidade os prezos das importacións creceron un 6,9%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo creceron un 3,8%, os bens de equipo creceron un 1,4% e os bens de intermedios creceron un 9,5%.


#### Índices de valor unitario. Agosto 2006. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Exportacións/expedicións	101,3	0,6%	4,3%
Importacións/introduccións	112,6	7,1%	7,3%
<b>Datos corrixidos de estacionalidade</b>			
Exportacións/expedicións	101,7	0,6%	4,3%
Importacións/introduccións	113,0	6,9%	7,8%

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior



No seguinte gráfico pódese observar a evolución dos índices de exportación e importación dende 2000.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.eu>